



## Concello de Ortigueira

### ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Expediente: 771/2024**

Na casa consistorial, sendo as catorce horas e trinta minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro reúnen, por medios telemáticos mediante videoconferencia, a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), modificada mediante resolución da Alcaldía número 2024-0569 e que consta publicada no perfil do contratante o 9 de xuño de 2024.

-Contrato: concesión de servizos de hostalaría e restauración para o Festival. Anualidades 2024- 2025-2026-2027

A orde do día é a seguinte:

**1.- Aprobación da acta das sesións do 6, 10, e 20 de xuño de 2024**

**2.- Cualificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Trastoy SL cumprimento requisitos para resultar adxudicataria do lote 2 e no seu caso proposta de adxudicación**

**3.- Cualificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Bacoga Galicia S L cumprimento de requisitos para resultar adxudicataria do lote 3**

**4.- Requirimento a licitadora clasificada co número 3 do lote 1 en aras de eficiencia administrativa (aplicación artigo 140.3 da LCSP)**

Asisten os seguintes membros da Mesa:

-Presidente: Jaime Vicente Ponce Piñón: concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

-Vogais:

- María Luisa Sierra Vale: secretaria accidental do Concello

- Silvia Lamelas Soto: interventora do Concello

- Alberto José Balboa Rodríguez, técnico de Deportes e coordinador do Festival do Mundo Celta de Ortigueira

-Secretaria: Iria Ponte Reiriz: técnica de Administración Xeral de Secretaría

Polo presidente declarase constituída a Mesa de Contratación por reunirse o quórum requirido,

**1.- Aprobación da acta das sesións do 6 , 10, e 20 de xuño de 2024**

Non se fan observacións as actas das sesións anteriores, polo que se entenden aprobadas por unanimidade

**2.- Cualificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Eventos y hostelería Trastoy SL cumprimento requisitos para resultar adxudicataria do lote 2 e no seu caso proposta de adxudicación**

En cumprimento do requirimento efectuado o día 21 de xuño de 2024 (minuta 2024-S-RE-1165) , onde se lle require que achegue a declaración de perdas e ganancias asinada polo representante legal da empresa, dáse conta da documentación achegada o día 26 de xuño de 2024 (número de rexistro E-RE-1375), que é:

-Declaración responsable de que os datos consignados na conta de perdas e ganancias son veraces, e se compromete a achegalos cando así se solicite, así como que a documentación é copia fiel dos documentos orixinais.



## Concello de Ortigueira

A mesa examina a mesma e comproba que está correctamente asinada.

### 3.- Cualificación definitiva da documentación presentada pola licitadora Bacoga Galicia SL en cumprimento de requisitos para resultar adxudataria do lote 3

En cumprimento do requirimento efectuado con data 21 de xuño de 2024 (número de rexistro 2024-S-RE-1164), dáse conta da documentación presentada o día 26 de xuño (número de rexistro 2024-E-RE-1394) na que solicita ampliar o prazo para a constitución da garantía definitiva, declarando non tela constituído con anterioridade ao 19 de xuño de 2024.

A este respecto, hai que salientar o que dispón o artigo 150.2 da LCSP:

“2. Unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento basee de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.”

Xa que logo, o prazo concedido para a constitución da garantía definitiva é un prazo preclusivo. Neste caso non se achega documentación incompleta ou con erros. Non existe documentación acreditativa da constitución da garantía definitiva dentro do prazo outorgado a tal efecto. Si podería ser emendable, por erro ou omisión, a achega de documentos esixidos para concorrer. Así, no informe 18/2010 da JCCP se establece o seguinte:

“O contido do mesmo, como elemento acreditativo, exista no momento en que se presenta e no momento en que conclúe o prazo de presentación de proposicións, que evidentemente é anterior ao momento de corrección. É dicir, pode emendarse o que existe, pero non se achegou; non se pode emendar o que no momento citado non existe de maneira indubidable”.

Así mesmo, a resolución 1320/2022 do TACRC dispón o seguinte respecto da acreditación de constitución da garantía definitiva:

“No presente caso, a entidade recorrente non constituíu, en absoluto, a garantía definitiva, despois de aclararlle en senllos correos electrónicos que debía constituír as dúas garantías, a complementaria e a definitiva, e non só unha.

Como dixemos, na nosa Resolución 747/2018 manifestamos que **a non constitución, en absoluto, da garantía definitiva en prazo asimíase a un incumprimento total**, da gravidade suficiente para poder afirmar que se retirou a oferta, sen que proceda en este caso o outorgamento de prazo de



## Concello de Ortigueira

corrección para constituír a totalidade da garantía fose do prazo concedido.``

Por outra banda, a cláusula 22.3 do PCAP se establece o seguinte respecto da aportación de documentación:

``3.- No caso de que no prazo outorgado para o efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a documentación prevista na cláusula anterior que lle sexa esixible; ou requirida a corrección de erros, omisións, aclaracións ou documentación complementaria a que se refire o parágrafo anterior, sen que devandito requirimento cumprimentouse adecuadamente e en prazo; se efectuará proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva, e achegar a documentación á que se refire a cláusula anterior``

Polo tanto, a mesa conclúe que á vista de todo o anterior procede efectuar proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, sendo o seguinte licitador Eventos y Hostelería Trastoy SL (B70346127). Como consta inscrito no rexistro de contratistas, procede outorgar un prazo de cinco días hábiles a contar desde o envío do requirimento a dirección de correo electrónico indicada a documentación prevista na cláusula 21.1 do PCAP, agás aquela que xa a conste no presente procedemento e sexa común para todos os lotes. Xa que é un lote diferente, ten que xustificar a solvencia técnica para este lote.

#### **4.- Requisito a licitadora clasificada co número 3 do lote 1 en aras de eficiencia administrativa (aplicación artigo 140.3 da LCSP)**

Dada conta do requirimento de documentación efectuado a TOP MARCAS SLU o día 21 de xuño de 2024 (número de rexistro S-RE-1166) onde se outorga un prazo de cinco días hábiles a contar desde o envío do requirimento con aviso ao enderezo de correo electrónico indicado para outorgar a documentación prevista no artigo 21.1 do PCAP para resultar adxudicatario do contrato. Non consta ata o momento ningún rexistro de entrada coa devandita documentación.

Tendo en conta que o festival está próximo a comenazar e en aras da eficiencia administrativa sinalada no artigo 140.3 da LCSP:

``3. O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato``

Polo tanto, e en aras do mellor desenvolvemento do proceso e da eficiencia administrativa, procede requirir a seguinte licitadora mellor clasificada (Salnasal Eventos S.L. e CIF B56634462) para que aporte a documentación sinalada no artigo 21.1 e 21.2 do PCAP, xa que non consta inscrita no ROLECE.

Tendo en conta todo o anterior, a mesa, por unanimidade dos membros presentes acorda o seguinte.

#### **Primeiro.- LOTE 1. Barras zona de concertos (Alameda)**

**-REQUIRIR** á licitadora SALNASAL EVENTOS S.L. para que no **prazo de cinco días hábiles** a contar desde o envío do requirimento á dirección de correo electrónico indicada, presenten a seguinte documentación no rexistro electrónico xeral do Concello:

-A prevista na cláusula 21.1 e 21.2 do PCAP para resultar adxudicatario do contrato

#### **Segundo.- LOTE 2. Postos de restauración na zona do peirao**

-Declarar que a licitadora Eventos y Hostelería Trastoy SL xustifica, de conformidade co establecido no PCAP o cumprimento dos requisitos para resultar adxudicatario do contrato de



## Concello de Ortigueira

---

concesión de servizos de hostelería e restauración (postos de restauración na zona do peirao).  
Propoñer a favor de Eventos y Hostelería Trastoi SL a adxudicación deste lote co seguinte canon:

-Canon: 3250 € +IVE. Melloras: sí.

### **Terceiro.- LOTE 3. Barras e restauración na zona de Morouzos**

-Declarar retirada a oferta da licitadora Bacoga Galicia S.L. por non ter acreditado a constitución da garantía definitiva dentro do tempo sinalado e propoñer ao órgano de contratación que de conformidade co artigo 150.2 da LCSP se lle esixa en concepto de penalidade por ter retirado a súa oferta o 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído. Ademais do anterior, e ao amparo do artigo 22.1.4 do PCAP todo iso sen prexuízo do establecido no artigo 72.1.a) da LCSP (prohibicións de contratar).

**REQUIRIR á licitadora TRASTOI S.L.** para que no prazo de cinco días hábiles a contar desde o envío do requirimento á dirección de correo electrónico indicada, presenten a seguinte documentación no rexistro electrónico xeral do Concello:

-A prevista na cláusula 21.1 do PCAP para resultar adxudicataria do contrato, así como a acreditación da solvencia técnica para este lote.

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo ás tres horas do día 27 de xuño de 2024 estendéndose a presente acta, do que eu, como secretaria da Mesa, certifico

